

## ACIO AGRIDOCE

Durante corenta longos anos foise consolidando a obra de Arcadio López-Casanova, autor de recoñecida influencia no cambio de rumbo que se produciu na lírica galega arredor da xa mítica data de 1976. Catro décadas de labor poético que se resumen nos sete poemarios que van desde os *Sonetos da esperanza presentida* (1965) ata *Noite do degaro* (1994), última obra dada ó prelo polo seu autor. Todos eles aparecen recollidos en *Do tempo posuído*, un volume antolóxico moi especial que ve a luz en Espiral Maior xusto no momento en que este selo pasa por unha gravísima crise que ameaza con levalo ó peche. A “*relectura viva*” -así a denomina Claudio Rodríguez Fer no “Prólogo”- que fai agora López-Casanova da súa obra lévao a reordeala en catro grandes ciclos denominados “*tempo da historia, tempo do exilio, tempo da liturxia e tempo do degaro*” que representan liñas poéticas particulares.

Os primeiros textos, próximos ó socialrealismo, aparecen escolmados en “*Tempo da historia*” (1960-67) por iso neste apartado predomina sobre outras temáticas, a liña cívica de denuncia das inxustizas, a revisión crítica da historia para falar dos desposuídos a quen todo lles foi roubado. Estes, representados por un poeta carente do “*canto novo que nos salva*” serán os que axuden a converter á Galicia desgarrada do presente nunha “*patria presentida*” que é libre tal e como cantaron outros, esas voces amadas que se homenaxeaban nos poemas de “A palabra compartida” (Rosalía, Pimentel, Machado, Otero Pedrayo). Sen embargo, o peso da derrota é tal que o poeta abandonará, por volta de 1968, esta veta cívica en favor do que el denomina como “*Tempo de exilio*” e que se manifesta na súa obra máis recoñecida: *Mesteres* (1976). Neste momento, a lembranza do pasado contraponse a unha realidade de afastamento da terra que converte ó eu nun exiliado e así o propio autor acabaría deixando Galicia para establecerse en Valencia onde aínda segue. O eu vese entón na obriga de conciliar a súa imaxe ideal dunha patria que o rexeita coa ferida que tal convicción lle produce. Por iso os poemas destilan acedume ata que aparece unha misteriosa muller que o guía á casa onde só eles dous vivirán. A ela van dedicados os “Sonetos da vixilia e da desfeita” que son textos de resignada aceptación por parte do eu da perda de todo aquilo que lle daba vida e así, metaforicamente, achégase a noite mentres que a luz se perde inexorablemente e sen posibilidades de recuperación. Cada vez máis vencido, o ser déixase estar sentindo as pegadas da Morte que o cercan e se lle achegan, nunha renuncia total a calquera fuxida do seu destino inminente.

O terceiro ciclo temático que sobrancea en *Do tempo posuído* ten para Rodríguez Fer o carácter dunha “*erótica da existencia*” por canto acolle unha nova luz que vén resgatar ó ser das tebras en que o sumira a aceptación do exilio interior. Así,

en "*Tempo de liturxia*" o eu poético abandona á *dama da noite* en favor dunha *dona da luz* que obra no seu corpo o milagre de facelo renacer. O corazón aférrase a esta nova esperanza por máis que sempre de fondo estea presente a ameaza do escuro, os "*negros pasos lonxe*" achegándose como un funesto sino que non lle impide ó autor, xa na última sección do volume, "*Tempo de degaro*", entoar un canto vitalista e sorprendido que devén en reino do amor para un ser que se identifica cos grandes amantes da Mitoloxía, figuras que aparecen agora en varios poemas. Neste momento, o verso faise máis sinxelo e adopta formas neotrobadorescas mentres se reitera a presenza simbólica da luz e da alba como unha ansia de vida que reborda ó ser. Convertido xa no autor que "*anceiaba a lucidía /Luz*", López-Casanova completa a súa antoloxía compilando ó comezo do libro as "Poéticas" onde ten reflexionado sobre a concepción da súa propia escrita e dálle cabo ó volume con dous textos de carácter moi diferente. Por un lado, está o texto coral onde varias voces (algunhas identificadas cunha nomenclatura e outras anónimas ou escudadas baixo a máscara do Coro) repasan os temas esenciais da súa poética; polo outro, un soneto que dialoga co primeiro dos textos metaliterarios e que leva por significativo título "Onde se pecha a palabra". A xeito de testamento, o eu despídese deixando o seu legado de "*nomes e lembranzas, /ledicia, dor, amor, poucas espranzas.../ (Canto era meu e acó teño comigo)*", un herdo que foi desgranando verso a verso como un acio gorentoso e por veces moi acedo ó longo das etapas polas que pasou a construción da súa poética e das que dá cumprida conta en *Do tempo posuído*. Un volume evidentemente imprescindible para entendermos a obra de López-Casanova, poeta de prestixio e estudioso da literatura que marcou toda unha época coa súa maneira de construír os versos e sinalou novos camiños para a palabra cando esta se atopaba perdida no prosaísmo. E, sobre todo, como sinala o prologuista, un autor aínda en "*plenitude de facultades creativas*" do que cabe agardar máis obras.

TERESA SEARA

*Grial*, 160, outubro-décembro 2003, p. 112-113

